

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE XULLO DE 2022, POLA QUE SE DELEGA A SINATURA NO DELEGADO DO REITOR PARA ASUNTOS DE ENSINO MEDIO

O artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) determina as competencias do reitor, quen, como máxima autoridade académica e de representación daquela, exerce a súa dirección, goberno e xestión, así como o desenvolvemento das liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados.

Por resolución reitoral do 5 de outubro de 2018 procedeuse ao nomeamento do delegado do reitor para Asuntos de Ensino Medio ao que se lle encomendou a coordinación do Programa “A Ponte” e a representación da USC na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Para lograr unha xestión máis áxil e eficiente cómpre completar esa atribución de funcións coa delegación de sinatura para determinados actos relacionados coa actividade do Programa “A Ponte”.

Por todo o anterior, ao abeiro do artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e en virtude das atribucións que me están conferidas polo ordenamento xurídico vixente,

RESOLVO

Primeiro. Para o exercicio de parte das funcións encomendadas, delego no delegado para Asuntos de Ensino Medio a sinatura dos actos de autorización das axudas de custo e locomoción relacionadas co desenvolvemento da actividade do Programa “A Ponte”.

Segundo. Nos actos que se asinen por delegación constará expresamente a identificación do reitor e a denominación do cargo de delegado/a en cuxo favor se confire a delegación de sinatura.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
15/07/2022 12:57:27.

**CSV:** E5A2-D3A3-4EA2-AE69